


av. 2023

— CÁSTOR DE AIRA BARRERA —

BAGOAS CONXELADAS



DEMIA
GA
UÑA




eca

Tipografía
La Voz de la Verdad.

Conde de Pallares, 9
LUGO.



Para la Real Escade-
mia Gallega a quien
Salvad. El Autor



BÁGOAS CONXELADAS

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

2234


Biblioteca







JOVITA PÁRAMO DÍAZ-VIVERO



BAGOAS CONXELADAS

POR

CÁSTOR DE AIRA BARRERA




LUGO

TIP. «LA VOZ DE LA VERDAD»

CONDE DE PALLARES, 9

1916





Un prologuiño

Se o verdaeiro door fora sempre mudo, como din
algunhos (quizais por non habelo sentido nunca ou
porqu' a sua virtu lles permitiu ocultalo) as bágoas
serian a negaceón do sentimento; e cando o vapor
creba as válvulas da máquena que o conten, hay que
reconocer a sua forza, inda que o Inxenieiro calculase
ben ou mal a resistancea; mais Dios que nos criou non
pudo cavucarse.

«Sentir na y-alma o door d' as chagas,
«e afogar os sospiros n-o meu peito,
«sin regar sua coba as miñas bágoas;
«ou non me deu Dios pra tales fadas,
«ou non pago a gratitudé d' ise xeito.»

Ben dixo hay tempos un esquirtor eminente (1) que
a risa y-as bágoas eran os fonómenos mais solpren-
dentes da humana natureza e ansi como a risa diz
qu' é «a palabra da relaceón crebantada», tamen as
bágoas veñen a ser «a palabra da relaceón sentida»;
augas que salen de lugares moi fondos, moi escondi-
dos, que revelan a quen as verte y-a quen as ve, a

(1) Ernesto Hello. «El hombre».

esistencia de fônduras qu' en si mesmo e n' os demais inoraba, fônduras a que o home non coida de baixar, onde se moven as relaceós que tuvo, que ten e que terá na universalidá d' as cousas. O recordo e un sitio cheo de bágoas, porqu' está cheo de relaceós.

¿Son, pois, as pouquiñas páxinas d' iste librexo vapor morto drento da máquena ou deixan de ser a palabra da relaceón sentida? ¿Son quizais a negaceón do sentimento e do door verdadeiro?—Non, por certo, anque non dudo que quen non o sinta, atopará xeito d' espricalo: son se queredes, n-o orde físeco, estrondos da máquena que reventa a poder d' o empuxe qu' a movía; e son n-o escuro campo psicolóxico pelras da y-alma, bágoas que se caeron abrasando, quedaron coalladas na friaxe do papel en qu' as vertin, conca onde unicamente puiden recollelas pra ofrendalas tod' a miña vida e deixalas logo cal reliquia de pelegrino, a mamoria d' unha rula morta; firmemente pensande qu' un puñado de *bágoas conxeladas* que se gar dan no papel c-os alentos tenros d' a voz da mai, e un relicareo perene que mantén viva a *palabra da relaceón sentida*, que dixo o sábio, relicareo que non troco pol' as figuras talladas n'-os mármores, onde, antes qu' o door d' os que quedaron, ademiranse as marivillias do arte, menumentos soberbios que a fortua levanta en recordo d' os seus predileutos, quizais, algunha vez, póstuma voluntá de quen os erixiu a sua propia mamoria.

¿E moite, pois, qu' un probe ofrende as suas bágoas n' un relicareo, a mamoria de quen tanto amou? ¡Ay!

IX


si ansi fose a probeza sería tamen outra negaceón
d'os testimonios do sentimento.

Non repareis n-as formas contrafeitas das imáxe-
nes, pois nunca soñei c-o trunfo d' artista, nin o sen-
timento está suxeto a moldes, nin quixen (nin podia
tampouco) pagarme d' apariencia pra presentalas fei-
ticeiras e briladoras, cando as sombras do door, tan
soilo c-os ollos da y-alma, a quen queira miralas, lle
premiten velas; e se a curiosidá llo aconsella ou a
pacencia lle consinte ollallas de punt' a cabo, pouco
pode perder, se quizáis non fose merecente do prémeo
a virtú da caridá.

Pode ser, leutor...?

Pois anda, ven comigo.

O Autor.




Mira: ¿Ves aquela montaña
de fanales de nebra coroada?

E debaixo d' eles unha tápia escura?

Pois ali
Ali está enterrad' a miña rula.

Agora, n' esta soedá,
digoche con verdá:
Se nunca feriron tua y-alma as penas,
ou non sentiche caridá pol' as alleas,
ou n' estiveche nunca namorado,
eu che recomendo,
e rógoche tamen, que non sigas lendo,
pra non rirte, quizais, d' un desdichado,
a quen algúñ lle chamará chifrado.



CRAMOR D' UN PELEGRINO

Cesai xélicas auras d' a montaña,
no voso cego, croel, fero rigor,
que o alento voso miña cara azouta,
apaga a miña frebe y-afoga miña voz.


[Ay! sónvos eu un pelegrino probe,
d' amor sedento e de virtude ispido,
que atolado sin rumbo no deserto,
triste na vida qu' eiquí vou vivindo,
descanso non encontro pol' as ruas,
nin tefio ond, acocharme contr' o frio;
e soilo pra chorar me queda alento,
a perda d' un amor que morto miro.

Deixade que quizais por vez postreira,
veñ' a pulsar da miña lira as cordas,
pra cantar c' as musas se m' ausilian,
n' iste val d' afriución cauciós d' a Groria;
e se fose estrevido meu intento,
e a falta d' humilda valor lle rouba,
deixade qu' abandone a miña lira,
no mar d' as bágoas qu' os meus ollos forxan.

E pois cego, ay de min, vou camiñando,
sin folgo como triste pelegrino,
guien a miña musa esas do Ceo,
e poñan nos meus beizos cantos ritmecos.

POSTREIRO ALENTO

«QUÉROTE» me dixeche,
cuase n-a agonía,
o que xa me dixerás,
sin mais temores,
cando santificamos,
nosos amores;
e «QUÉROTE» repetiche,
cando espirache...
¡Ay Virxen dos Doores,
como me deixache!



!AY, MIÑA RULA

Sin ti rulíña querida
todo tristiño ch' está.
todo e pra min soledá,
todo tristeza na vida.

Dend' o dia que marchache,
os días pra min son anos,
xa xuntiños non estamos,
¡canta pena me deixache!

Non vexo a miña vidiña,
o ben do meu pensamento,
e pra min e un tormento,
vivir sin ti queridiña.

Xa non vexo os teus ollíños,
nin teu peliño tendido,
nin pudo ter en olvido,
a frebe dos teus cariños.

Y-aquelas noites de lua.
xa d' alegría ou de calma,
non pudo, nena da y-alma,
non pudo olvidar ningua.

¡Bálsamo das tuas dolzuras,
qu' as feridas me curaba,
dos combates que libraba,
n-iste campo d' amarguras!

¡Pracer da tua sorrisa,
ternura dos teus acentos,
consolo dos teus alentos,
do fogar mansiña brisa!

Trocouse todo en tristura,
 y-astr' a luna compasión
 ten, ay, do meu corazón,
 e da miña desventura.

Y-as frores das tuas macetas
 que amorosía regabas,
 morreron desconsoladas,
 caero ncal volvoretas.


Marchou ¿e cando a verei?
 ¡Triste de min! ¿Volverá?
 Non... morreu. ¡Quen donde está,
 poidera estar!... ¿Ond' irei?

Ond' irei desventurado,
 ond' irei sin ti agora,
 orfo do amor que chora,
 meu corazón desgarrado.

¡Adios miña rula morta,
por verte, morrer quixera,
non quero vivir na terra,
ábreme do Ceo a porta!

Pois os doores da y-alma
qu' o tempo din cura tanto,
non e verdá, soilo os calma,
a terra do camposanto.

Pra dar trégolas o llanto,
fruito d' esta desventura,
tan solo encontro descanso
o pe da tua sepultura.



O PÉ DA COBA

¡Ay, premiteme Dios santo!
que un instante am' esta terra,
terra bendita qu' encerra,
meus tesouros, meu encanto,
todos os meus agoismos;
que se o mar os sepultara,
o mesmo, Sifor, amara,
os seus escuros abismos...


Óeme, rula amantiña:
traigo a chave do ataude,
eu arrancarei a lousa
que cerra a tua cobija,
fria com' o helo;

eu quero d' os teus olliños,
 de luz un sólo lostrego:
 ¡anda, ven que quero verte,
 ven, mirame con dolzura,
 e vólvete,
 volvete pronto o Ceo!


Prácem' esta soedade,
 cal fonte fresca o sedento,
 este campo de piedade,
 remanso da humanidade,
 do door dolce aposento;
 consolo do penitente,
 qu' en busca do Ceo abanza,
 cramando con ay dolente,
 pol' o o seu amor ausente
 cheo de fé y-esperanza.

¡O amor, a vida! Iste dou bens,
 loitando sempre n-o pensamento,
 o fogo encenden n-as miñas sens:
 quer apagalo teu sentimento,
 qu' amante dizme con dolce acento

«Vaite, non chores,
»pois tu ben sabes,
»qu' os nosos fillos
»quedaron solos»...



Foi o primeiro trebuto,
qu'os dous pagamos a Groria,
dous ánxelos que no Ceo,
eu os brindo a tua mamoria.



¡QUEDARON SOLOS!

Cando eu o pe
d' a tua sepultura
choraba tanto,
estoutro dia,
calmou meu llanto,
non sei s' a idea
d' a tua ternura,
non sei s' as ánseas
d' os meus amores,
ou teu esprito,
d' amor de mai;
sei qu' os meus ollos
quedaron fixos,
a un eco dolce,
de voz celestial.

»Vaite, non chores,
 »pois tu ben sabes,
 qu' os nosos fillos
 »quedaron solos»

—
 ¿Serán as aves
 qu' o evanxelio,
 dice qu' ampara,
 Dios dend' o Ceo,
 sin mais ausilios
 qu' as suas aas,
 que ora as defenden
 d' unha tormenta,
 ora as alexan
 d' outros peligros?

¿Serán quizaves,
 probes sin casa,
 que vagamundos
 pol' o deserto,
 vayan buscando
 unha fontiña,
 onde se calmen
 os seus afogos,
 s' antes non caen
 de sede mortos?

¿Serán miña virxen,
 follas caidas,
 qu' o vento axita
 como xuguetes;
 follas perdidas,
 cal as venturas,
 por min soñadas,
 ilusións mortas,
 xa sepultadas?


¡Ouh Virxen santa,
 ouh Mai querida,
 pol' os doores
 d' a tua vida,
 volv' os meus fillos
 ises teus ollos,
 xa ves Sifiora,
 que sin naiciña,
 quedaron solos!

Sean, ouh Virxen,
 cal son as aves,
 qu' o evanxelio,
 dice qu' ampara,
 Dios dend' o Ceo,


que dend' o vale,
 de bágoas cheo,
 suban voando,
 a Dios buscando
 con alegría,
 para alabarvos
 e bendecirvos
 xa qu' eu o fago,
 Mai amantíña
 entre sospiros.

¡Ay miña rula,
 que d' a ventana
 d' o Ceo miras,
 como estan tristes
 os nosos fillos!
 óe o meu rogo,
 rula querida,
 e pidell' a Virxen
 nos de consolo;
 dille que todos
 nos acordamos
 d' os seus doores,
 que confiamos

nos seus amores,
e dille!.. dille ruliña,
qu' os nosos fillos
quedaron solos.



A un corazon qu' eu ben sei
sete espadas o feriron,
e sendo o amor a causa,
págaselle con olvido.



RECORDOS

Iba eu xa en perigo de perderme,
y-o meu ánxei da garda,
correndo a defenderme,
púxot' a ti tamen no meu camiño,
e dende estonces foron teus encantos
a ley do meu destino.

O ver teu curazon as miñas ánseas,
nobre e compasivo,
fundin nosos amores,
—que ben hoxe recordo—
poñendo encondición,
que sabes acetei,

o qu' eu volvese a fé
que louco abandonara;
e quen antes fora un desdichado,
perdida a relixión
fizoo a tua compasión,
feliz e namorado

Ansi a xuventú fomos pasando,
nunca os traballos nin as penas,
o noso amor crebaron.
Nunca tú deixache de quererme,
nin eu a tí un istante d' adorarte,
¿cómo a de ser posibre o olvidarte?
¿cómo deixar agora de quererte?


¡Amarte tanto e non verte
ruliña amante e fiel!

¡Ay, vidiña, que tanto me quixeeche...!
¡Meu Dios, meu Dios, esto e cruel!


Querendo agarimosa consolarme,
 dizme miña mai, porqu' e unha santa,
 qu' e falta de virtú non risinarme,
 y-eu non podo dos consolos axudarme
 pois vivir no mundo xa m' espanta.

Sentir na y-alma o door das chagas,
 e afogar os sospiros no meu peito,
 e non regar tua coba as miñas bágoas;
 ou non me deu Dios, pra tales fadas,
 ou non pagó a gratitudé d' ise xeito.

Mais, perdon, s' esto que sinto
 fose quizais idolatria,
 meu Dios, ten piedá de min,
 sostenme, Sifior, co teu alento,
 y-o meu pensamento guia,
 pois no medio d' ista angustia,
 y-atolado no deserto,
 miñ' alma triste e mustia,
 ¡meu Dios! soilo en Ti Sifior,
 tan soilo en Ti confía.




E meu consolo na terra,
pensar en verte o morrer,
¡canto me tarda a agonía,
co deseyo de te ver!



¡XESÚS, QUE FADA!

Cont' a fada qu' estando o namorado
unha noite dormindo no seu leito,
sentiu unhas grandes sensaciós no peito,
e que dous ánxeles, un de cada lado,
lle facían cariceas c' as mauiñas,
pra quitarlle do curazón o loito,
e unha volvoreta de Dios suas aliñas,
vatendollas na frente, «quérote moito
lle decía, «adios vidiña, ten fé, ama»
e pra ond' a min voarás dend' esta cama»,



O BARDO D' A MONTAÑA

E unha fada quen me conta o caso,
e diz qu' estoutro dia,
tiveron as musas no Parnaso,
unha grand' algarabía.

Dixerollellas saira na montaña,
con coitas un poeta,
e unha musa, sotil, con moita maña,
fuxiu cal volvoreta.

Ollou dend' unha nube e non viu nada,
baixou, e dend' un cardo,
viu enseguidiña preto a unha labrada,
sentado o probe bardo.

»Xa non dudo, e o mesmo ¡coitadiño!
 »esta falando solo,
 »se non fora o meu vate ise probifío,
 »diria qu' era un tolo.


»Mais ¿que vexo? Xunt' el hay unhas pombas
 »qu' escarban entr' as gramas,
 ¡Miña xoya! e falalles de brondas,
 »e de feligranas».

A musa do poeta abriu suas alifñas,
 y-o campo abandonou,
 y-o bardo da labrada cas pombiñas,
 soliño se quedou.

Iba o sol poñerse por tras de Muradal,
 un merlo subriaba,
 Y-as pombas veadoras en busca do pombal,
 deixaron a labrada.


O bardo levantouse, mirou tod' orredor,
e vendo a soedá,
meu Diós, dixo afrixido, ay Virxen que door,
que triste todo está.

As ánemas tocaron e púxos' a rezar,
»probés, como sofriran,»
pensaba o namorado, volvendo pro fogar,
«¡canto mo estimaran!»



OS FILLOS

Frores do frogar son,
que do berce se levantan.
os fillos de bendición,
qu' as musas gallegas cantan;
e dan pracer e alegría,
porqu' e fruta que Dios cria,
n' as ramas do curazon;
e s' en algunha ocasión
as espiñas firen forte,
inda o door non alcanza
a quitarnos a esperanza
detras do sono da morte.




NOSO BERCE

Cando na nosa terra
naz' un infantiño,
diz a mai, degorante,
pol' o baixiño
Dics te crie pra boas fadas
corazonciño;
e o pai mentras tanto,
cheo de gozo,
dice pr' os seus adrentos,
ha de ser un bon mozo.
E se o recen nacido,
e unha nena,
se rubia, porqu' e rubia,
branca ou morena,
diz' o pai satisfeito;
ha ser guap' a pequena;

e a mai n' os seus bicos,
co fogo d' a y-alma,
que na mai, xa se sabe,
e frebe diaria,
comunicall' a nena,
amorosiña
esta muda e tenrra
breve pregaria:
«a Virxen te protexa
miña filliña.»

Anque o meu ben acabou,
n' iste mundo do olvido,
o amor dame esperanzas,
de recobrar o perdido.



MIÑA MUSA

Miñas musas qu' estades no Ceo,
acordaivos de min pra pedir,
a Xehová que me guie no mundo,
n' iste mundo do seu Sinai.

Sin vosoutras eu morro de pena,
tanto tormento non pudo sofrir,
anxiliños de Dios volvoretas,
miñas musas levaime pr' ahí.

¡Ouh recordos do amor qu' eu perdin
como ferides o meu curazon!


¡Ay de min,
por compasión,
miñas musas levaime pr' ahí

As pombiñas qu' ond' amin mirades
 seus arrulos me queren cantar,
 mais non poden qu' as probiñas teñen,
 como eu teño, tamen que chorar;
 pois perderon no mundo o amparo
 do amor que nos garda unha mai,
 e tan soilo do Ceo o consolo,
 ten o fillo do amor que se vai.


Dolces recordos d' amor y-alegria,
 que da terra pro Ceo se yan,
 luz e guía,
 santo afán,
 d' oe que choran o amor d' unha mai

Fondas tristezas fuxide ou mataime,
 qu' eu xa na terra non pudo vivir,
 sin o amor d' unha rula que canta,
 aló na Rexión dond' eu quero ir.

Eu farei una vida d' asceta
que o door de rezar non m' escusa,
volyoreta,
miña musa,
eu soilo quero pra oñd' a ti voar.



Mais aló das estrelas
que cobrem o firmamento,
alí teño os meus tesouros,
y-alí esta meu pensamento.



O SERAFIN D' ASIS

Meu Padre, amantiño Padre,
perdonam' o que che digo,
sonch' un pelegrino probe,
que d' amor ando sedento,
y-estou de virtude ispido,
sin qu' atope no camiño,
que cara o ceo me leva,
nin calma nin agarimo.

Meu padre, amantiño Padre,
concedem' o que che pido;
ten piedá d' iste coitado,
ten piedá que son teu fillo.

I.

Non son, non, contos de fadas,
nin lendas soñadas son,
nin toladas de poetas,
pra suxestionarvos, non.

Nosoutros mesmos o vemos,
e non podemos dudalo,
e tal cal o conta a hestoria,
hay por certo qu' aprecialo.

S' a fiel tradición non basta,
e queredes documentos,
que fan fe;
nin os homes nin os tempos,
poideron nunca trocar,
os d' as verdades eternas,
qu' o Siñor o mundo deu.

Y-ese Sol que luz nos dá
y-eses mundos siderales,
aqui mesmo, terra e mares,
testigos son d' a verdá.

Bosques de tenros marmulos,
rios, fontes e rigueiros,
olas do mar bardallantes,
pombas que cantás no aleiro,
feras que ruxis na Umbria,
ecos da brisa agoreiros,
xilgaros e ruisenoles,
os de celestes concertos...
¡calade... silenzio. . oide!

Oide as notas que o vento,
trai nas suas áas prendidas,
com' as que baixan dos ceos;
cántigas son dos querubes,
as que se oen voandeiras,
soando en montes e vales,
en poblados e desertos;
ecos que saen d' unha ermita,
y-as auras van recollendo,
¡ay qu' armonias por fora!
¡ay que luz, canta luz drento!

¿Qu' ocurre, meu Dios,
n' esa pelra da Umbria,
qu' as frores cheirosas

en prados e veigas,
sorrin eon refrexos
de dolce delicia?

¡Ouh feliz Italia,
naceu n' un preseble.
teu héroe teu guia!
¡que gran privilexio
que Dios che concede,
de darche por fillo
quen ven hoxe a vida,
pra ser d' as tuas frores
a fror mais vistosa,
qu' os ceos aprauden,
que o mundo ademira!

II.

De Belen o resprandor s' alonga
xa no mundo n' hay oscuridá,
que naceu en Asís outro Infante,
raro exemplo d' amor e humildá.

Vela, vela
mai sinxela
ese doce
Serafin,
¡que riciños,
que beiciños!
refrexo son
do carmín.

Moradores da Umbria alegraivos,
qu' un sol novo nos ven a quentar,
sol d' amores de paz e ventura,
que seu lume comenza a espallar.

Sua sorrisa
ten a risa,
y-o pracer
do arrebol
y-entre nubes
de querubes,
faill' afagos
tenr' o sol.

Madreselva d' as serras d' Italia,
e d' os vales modesta violeta,
por incenso rendide o perfume,
en honor a humildá d' un asceta.

Danll' os ventos
 os alentos,
 pra sua vida
 de virtú,
 na ventura
 qu' esconxura,
 a sua triste
 xuventú.

III.

¡Da xuventú despreciar os praceres,
 e dos blasós renunciar os honores,
 por vivir abrazado a unha cruz!
 ¡canta virtú!

Despreciar de seu pai o destino,
 y-agardando o mandato divino,
 hastr' a terra sua testa abaixar,
 ¡canta humildá!

Oiu o de Cristo
 divino consello,
 »non trayas alforxas,
 «non teñas diñeiro,
 »nin leves na bolsa,
 »tesouros terreos;
 »sin mais que un vestido
 »cos pes sepr' o vento,
 »y-as maus sin cayado,
 »os teus bes vendendo
 »pra dárlos os probes
 »en troco do Ceo;
 »se queres seguirme,
 »négate a ti mesmo,
 »y-a Cruz abrazado,
 »ven cara meu Reino».

Y-a Dios bendecindo,
 escramou' contento:
 »eso e, xustamente,
 »o ben a que tendo,
 »meus doce amores,
 »meu úneco anhelo».

Fuxiu da sua casa,
e vestind' un sayo,
a sua cintura,
c' unha corda atado,
foise pol' o mundo,
a sua Cruz levando.

.
Que fizoo no mundo,
non sei eu contalo,
¿Queres ti sabelo?
O Santo dirácho,
se ciñes sua corda,
e vistes seu sayo.

—=—

¡Quen tuver' a virtú do héroe da Umbria,
qu' o Ourente y-a Europa recorreu,
descalciño, sin pan e por abrigo,
o volcan d'ise amor que do alto ven!


Ay, Padre, amantiño Padre,
perdonam' o que che digo,
sonch' un pelegrino probe,
que d' amor ando sedento,
y-estou de virtude ispido,
sin qu' atope no camiño,
que cara o Ceo me leva,
nin calma nin agarimo.

Ay, Padre, amantiño Padre,
concedem' o que che pido:
ten piedá d' iste coitado,
ten piedá que son teu fillo.

TARDE DA VIDA

¿Por qué ledo, sin cansar, erguid' a frente,
subin correndo a costa d' esta vida,
e hoxe pra baixar o fago lentamente,
e fáime falta a axuda do cayado,
e baixo triste ca cerviz caída,
a pendente da costa o utro lado?

¡Ay! porque cando a subin via na cume,
a alegría d' aurora, rosicler d' amores,
que o curazón encendían com' o lume;
e se o baixar hoxe eu m' afrixo tanto,
e porque non vexo n' istes arredores,
mais qu' a triste soedá do Camposanto.



DOOR E CONSOLO.

O pe da coba ond' a morte pousa
o cadavre d' unha rula bendecido,
consolo buscando do amor perdido,
con amantes bicos n' unha fria lousa,
sentin o contauto do marmore n-o helo,
resonar n-o ataude, namorados,
recordos d' os meus fillos adourados
com' o eco d' unha voz do Ceo:

«Vaite non chores,
»pois tu ben sabes,
»qu' os nosos fillos,
»quedaron solos».

E n-a terra do door fuxindo,
miña yalma de pena desgarrada,
o Ceo levantando tenra ollada,
y-o eco do ataude repetindo;

e c-o fogo da fe hereditarea,
e deixando p' ola espalda o mundo,
con fervor de creente moribundo,
a Virxen elevei unha pregarea.

¡Ay! noites sereas, Ceo refuxente
de lua d' estrelinhas e d' amores,
auras perfumadas pol' as froles,
refrexos do Poder Onipotente,
testigos impasibles do meu llanto,
e da ventura miña terreal perdida,
agora qu' eu a busco n' outra vida,
dádemel alento e guiai meu canto,
e canto de gratitudine sin receos,
e fruto da fe e da esperanza,
amencer do amor e de bonanza,
resprandores da Virxen e d' os Ceos;
pois da campana o fúnebre tanido,
auras qu' o levaron pol' a lexanía,
volven arrulos ond' a morte un dia,
d' unha rula qu' afogou no nido.

Ouzo filliños qu' unha voz vos chama,
y-o son d' ela estades moi atentos,
fogo de caridá trai n-os alentos,
que d' amor o curazón inframa:
presto correde xa a porta s' abre,
do Pazo Eternal a unha pregarea,
xa a Reina d' estirpe lexendarea,
sempre inmaculada, e vosa Madre;
e levanta seu brazo sacrosanto,
e n-a terra o sindeiro siñalando,
o camiño do Ceo vai marcando,
y-amorosa vos cubre co seu manto.

A veira do meu leito arrudillada,
as maus en cruz e co rostro fixo,
degorante mirando o Crucifixo,
¡ay meu Dios que compasión me daba!

«Pai querido» me dixo «non s' afrixá,
»pol' a yalma da naicía eu ll' o rego,
»quero deixar o mundo dende logo,
»unha voz amantiña me cobixa;

»e hay tal ternura en seus acentos,
 »que voz de mai eu me maxino,
 »pai querido, a caridá e meu camiño,
 »ya seguilo me sinto con alentos:
 »deixa que o door y-o teu desvelo,
 »cedendo do amor o sentimento
 »cumpran a virtú do Sacramento,
 »o criar os teus fillos para o Ceo.»


Cando xa branca toca acariñaba,
 o rostro xuvenil d' a heroina,
 outra mensaxeira d' unha voz divina,
 con un bico meu sono despertaba.

—Filla... a ista hora... Adiviño
 a causa, tuas ánseas... junha madre!...—
 e cal sua hirmá «non s' afrixá padre»,
 me dixo, «a caridá e o meu camiño»,
 e mentras caladiña s' alexaba,
 a cabeza miña, louca, delireaba...


Si, vencereis quizais, d' iste mundo tolo,
 buscando pr' as disgracias o consolo,
 e mentras ôs alleos lles prestais coidado,
 ¡quen os ollos cerrará d' iste coitado!
 ¿serei eu, Virxen, quen se queda solo?

¡Ay Dios querido! ¡Caridá, Caridá!
 ¿y-a tanto a caridade obriga?
 ¿e non hay para o Ceo mais camiños?
 -digo perdón, Xesús que desatinos,
 cúmprase, Siñor, a tua voluntá,
 adios miñas fillas, Dios vos bendiga.

Presto correde xa aporta s' abre,
 do Pazo Eternal a unha pregarea,
 xa a Reina d' estirpe lexendarea,
 sempre inmaculada, e vosa Madre,
 e levanta seu brazo sacrosanto,
 e n-a terra o sendeiro siñalando,
 o camiño do Ceo vai marcando,
 y-amorosa vos cobre co seu manto.



Se te encontras afrixido,
a ninguen digas tuas penas,
que se doux se compadecen,
mil non che fan caso d' elas.



CUCOS E PAPAYOS.

Un loro xa entrado en anos,
farto d' oubir marrullarias,
algunhas agudezas e moitas tonterías,
a forasteiros, veciños e peisanos,
parlaba con tal acento,
que moitos, lugareños e villanos,
supoñian no paxaro entendemento.

Un dia tomand' o sol,
no corredor da casa de seu amo,
viu que dous rapaces,
mesmo a caron ond' il estaba,
batians' a pedradas,
de maneira tan fera,

que por pouco unha pedra,
 non manda pol' os aires
 a xaula y-o paxaro;
 e vendo o perigo que corria,
 c-as pedras que preto d' il cruzaban,
 verroulles canto puido:
 «¡haxa paz, eso n' e d' homes!»!

Mais vendo tamen que non cedian,
 pois as pedras rombaban de centella,
 volveulles a verrar inda mais forte:
 »¡acougai rapaces,
 »que vos prenden, escapaivos!»

Tampouco obedeceron,
 iste novo consello;
 e temendo o marrulleiro,
 que da paz non sacaría nada,
 pois cantos más consellos daba,
 mais a pedrea s' arreciaba,
 determinou aumental' o fogo,
 con un verro que resoou n' as penas:
 «¡a pedradas non, agarraivos!»;
 e d' acordo ista vez a ira c-o consello,
 os rapaces deixaron a pedrea
 e cal se foran osos,
 xúntanse y-agarrans' os dous mozos.

Cando xa sangraban a lapotes,
 o loro moi contento,
 vénzose libre d' as pedradas,
 trembando, así e todo,
 que a emprendesen de novo,
 volveulles a verrar, xa mais a modo,
 «ánemo rapaces a ver quen pode».

E oindo contal' o caso,
 un lacazan qu' e un payo,
 decia, votando un vaso,
 «ay hom, e partia un rayo,
 se non foi listo o papagayo.

Mais a min, leutor amigo,
 millor me parez' esto que che digo:
 qu' hay papagayos que sin cencia,
 dan os consellos pol' a sua comenencia;
 e ises paroleiros avechuchos,
 qu' en dicir o qu' oiron son tan duchos,


teñen soilo, de tal xeito,
pol' o menos a cencia d' o proveito;
e penso tamen, non me cavuco,
nin por decilo me chamarán lixeiro,
qu' hay por ehi tanto conselleiro,
co que n' e papago, xuro qu' e cuco.

O BECERRO D' OURO

Inda parez qu' alentan os bíblicos guerreiros,
c' un novo Sinai na Europa se levanta:
a vara de Moises trocouse por aceiros,
estrondo de caños e fogo ô mundo espanta.

¿E non ves acesa a montaña ardendo,
e pol' os aires subir un fume mouro,
y-os novos Faraos embaixo defendendo,
a maldita esfinxe do Becerro d' ouro?

As tablas da Ley santa queimaron, desleales,
e soberbios profanando os doux amores,
matanse na terra, n-os aires e nos mares,
da Ley de Dios e da humanidá treidores.



RENDICIÓN.

¡Probe camiñante,
que afrixidiño vai,
de vello e cansadiño,
parece que se cai!

Quizabes e un tolo,
quizais non ten fogar,
quizais unha promesa,
ansi o fai andar.

!Meu probe, xa caeu,
tumboun' o vendaval!
Vou ver o que lle pasa,
acaso lle deu mal.

—Digame, bon sifior,
 ¿vosté a onde camiña?
 dond' é, como se chama,
 por Dios, m' o dig' axiña.

—Xa un dia llo dixen,
 non sei s' agora podo,
 porque me falt' alento
 parece que m' afogo...

• • • • •

«¡Ay! sonlle en un pelegrino probe,
 «d' amor sedento e de virtude ispido,
 «qu' atolado sin rumbo no dsserto
 «triste na vida qu' eiqui vou vivindo,
 «descanso non encontro pol' as ruas,
 «nin teño ond' acocharme contr' o frio;
 «e soilo pra chorar me qued' alento,
 «a perda d' un amor que morto miro».

Calou, e sospirando
indicou, c' unha mau incerta lexania,
e continou falando:
«Aló n' unha montaña,
de fanales de nebra coroada»...

• • • • •
E parou de falar
porqu' a voz afogouse n-o seu peito
e non pudo acabar.

Era xa media tarde,
calmara o vendaval,
e lonxe, entr' as obellas,
a un neno n-os lindeiros,
oiase cantar.

As fontes y-os rigueiros
tamen cantaruxaban
y-aló de vez en cando,
cantando acompañaban
os galos n-o lugar.


O son d' iste concerto,
 na soedá da serra,
 soaba en toda ela,
 amante, apocaliuteca,
 a voz da Caridá.

N' un xergon de palla, demayado
 vai un probiño,
 lévano catro homes, con coidado,
 temendo que lles morra n-o camiño.
 —¿Ond' irán con ese os qu' ali veñen?
 decian o pasar,
 Van levalo onde van os que non teñen
 fortuna nin fogar.

Na cama do Espital un pelegrino,
 c-a frebe qu' o consome, delireando está:
 ¡miña rula...! ¡meus fillos...! ¡ouh destino..!
 ¡o amor...! ¡o fogar..! ¡caridá, caridá..!


Un anxel d' ises que Dios na terra ten,
pra consolo de probes y-afrixidos
acultando nas bágoas os sospiros,
entr' as maus a cabeza lle conten;
y-o soar un bico que lle da na frente,
abriu o ollos, mirou quen o bicaba,
que na y-alma ll' arrancou un ¡ay! dolente:
¡era filla sua quen o consolaba!

Quixo falar, non puido... agonizando,
e-a sua mau, a mauiña do anxel apretou,
e mentras as chagas do Cristo iba bicando,
o pelegrino, a Dios a yalma ll' entregou.




ADVERTENCIA

As composiciós d' as páxinas 5, 7, 13, 19 e 27, xa
foron pubricadas n-o meu folleto *Amar y sufrir*,
algunhas en castillano; más xuzguense como queira,
custárome tantas bágoas, que non puden deixar de
reproducilas agora na nosa fala, pois son pra min ma-
nantiales da y alma que regan os páramos da miña
vida, inda que pra ti, leitor, sean carambos de xiada
que t' arrufrien.—Perdoname.




Í N D E C E


	Páxinas
Un prologuiño	VII
.	1
Cramor d'un pelegrino.	3
Postreiro alento.	5
¡Ay, miña rula!	7
O pé da coba	13
¡Quedaron solos!	19
Recordos.	27
¡Xesús, que fada!	33
O bardo da montaña	35
Os fillos.	39
Noso berce.	41
Miña musa.	45
O serafín d' Asis.	51
Tarde da vida.	61
Door e consolo.	63
Cucos e papagayos.	71
O Becerro d' Ouro.	75
Rendición.	77
Adevertencia.	83



CAVUCOS, OU ERRATAS

Páxina	Linea	Dice	Debe decir
29	10	pagó	pago
59	15	perfume	prefume





REA

A

2

Bir

BALTIMORE

ILACAN

GALE

CORP.